

## Información



### **Entrevista a Diego Parajó ca consultora Xeneme Intervención social, SLL**

*“A clave para manter durante tantos anos a actividade depende de saber adaptarse aos cambios que esixen a sociedade e o mercado”.*

A súa empresa foi evolucionando ata o actual modelo de negocio baseado no traballo en rede con empresas, especialmente de economía social, e cun enfoque singular na forma de facer.

[Ver máis](#)



### **Entrevista a Francisco Conde, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria**

Francisco Conde súmase á campaña Mulleres na Economía Social para amosar o seu compromiso con este sector que impulsa a igualdade e a participación das mulleres.

[Ver máis](#)



### **Crece a economía social galega**

A Confederación Empresarial Española de Economía Social (CEPES) publica unha nova edición do seu informe: *“As empresas máis relevantes da economía social”*. No ranking figura a galega Coren, cuarta na clasificación xeral e segunda na agraria. Tamén sitúa a Galicia na cabeza coas confrarías, cunha facturación anual superior a 137 millóns.

[Ver máis](#)



### **Divulgación do emprendemento e de experiencias cooperativas como modelo de éxito**

A cooperativa Milhulloa recibiu a estudantes do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán en Pontevedra para dar a coñecer o cooperativismo e a economía social entre o estudantado.

[Ver máis](#)

# Actividades



## Obradoiro: Gobernanza cooperativa nas comunidades de montes veciñais

Este obradoiro ten como obxectivo impulsar a rendibilidade e a creación de emprego nestas superficies mediante o emprendemento de actividades económicas e baixo o modelo de negocio cooperativizado.

**Datas:** 22/04/2019 ao 26/04/2019

**Horario:** 17:00 - 20:00h.

**Lugar:** Concello de Mazaricos (A Coruña)

**Inscripcións:** 981584783 / [www.agaca.coop](http://www.agaca.coop)

[Ver máis](#)

## Nova teleformación: Coñece o que excel ofrece ao teu proxecto de economía social

O obxectivo desta formación é introducir o alumnado no uso de excel para mellorar a xestión dos seus proxectos de economía social.

**Datas:** 23/04/2019 ao 12/05/2019

**Duración:** 20h.

**Modalidade:** semipresencial

**Inscripcións:** [formulario](#) / 981558008 / [eusumo.emploi@xunta.es](mailto:eusumo.emploi@xunta.es)

[Ver máis](#)



## Plan de divulgación: "O modelo cooperativo como ferramenta para fixar riqueza no rural"

Esta formación ten como obxectivo ensinarlle ao alumnado os posibles recursos dispoñibles nas cooperativas, explicar a potencialidade do cooperativismo e mostrar as oportunidades de negocio para crear empresas no rural.

**Datas:** 23/04/2019 en [Santa Comba](#)

24/04/2019 en [Rodeiro](#).

**Horario:** 09:00 - 14:00h.

**Lugar:** Edificio Multiusos - Santa Comba.

Centro Cultural Municipal Lamazares - Rodeiro.

**Inscripcións:** 981584783 / [www.agaca.coop](http://www.agaca.coop)

## Por qué non traballamos en equipo?

O obxectivo é que as persoas destinatarias desenvolvan as habilidades persoais claves no traballo colaborativo e coñezan os recursos e as metodoloxías que axudan a traballar e mellorar as habilidades sociais.

**Datas:** 23/04/2019 ao 26/04/2019

**Horario:** 09:30 - 14:30h.


**Lugar:** CIRAGAL, Rúa Hernán Cortés, 15, Vigo.

**Duración:** 20h.

**Inscripcións:** [formulario](#) / 986866149 /

[teresa@espazo.coop](mailto:teresa@espazo.coop)

[Ver máis](#)



Edición en VIGO  
do 23 ao 26 de  
abril 2019



## **Obradoiro: Formación cooperativa para persoas que queren emprender**

O obxectivo deste obradoiro é presentar a cooperativa como unha opción laboral de autoemprego colectivo, descubrir as características das empresas cooperativas e coñecer un caso real dunha cooperativa en funcionamento.

**Datas:** 23/04/2019 ao 26/04/2019

**Horario:** 09:30 - 14:30h.

**Lugar:** Universidades da Coruña, Avda. Almirante Lángara, s/n, 15011, A Coruña

**Duración:** 20h.

**Inscripcións:** [formulario](#) / 881887456 / [patane@espazo.coop](mailto:patane@espazo.coop)

[Ver máis](#)

### **Rede Eusumo**

Contacte en: [comunicacion@eusumo.gal](mailto:comunicacion@eusumo.gal) ou 610 17 43 89

**Máis información en:**



[www.eusumo.gal](http://www.eusumo.gal)

